


## MATEMÁTICAS

- Pág. 121 ej. 5, 6, 7, 8 y 9. (Poner la fecha).
- Reflexionar el ejercicio 10.

### Recursos didácticos interactivos:


- [http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/41009470/helvia/aula/archivos/repositorio/0/199/html/datos/05\\_rdi/U11/unidad11.htm](http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/41009470/helvia/aula/archivos/repositorio/0/199/html/datos/05_rdi/U11/unidad11.htm)

- 5 Observa la valla de la huerta que cultiva Julián.



- ¿Qué lados de la valla son paralelos?
- ¿Qué lados son perpendiculares?
- ¿Qué lados no son ni paralelos ni perpendiculares?


- 6 Escribe las letras ordenadas según el tamaño de los ángulos, de menor a mayor.




- 7 Observa los ángulos coloreados y clasifícalos según su abertura.



- 8 ¿Qué ángulo forma la aguja grande con la pequeña en cada caso?



- 9 ¿Cuál de los croquis representa a esta finca con chalé?:



### AVANZO



- 10 La ruleta señala la separación entre el color verde y el color rojo.



- ¿Qué señalará si gira un ángulo agudo en el sentido de las agujas del reloj? ¿Y si lo hace en sentido contrario?
- ¿Qué ángulo debe girar para señalar la separación entre el verde y el azul si gira en sentido contrario a las agujas del reloj?
- ¿Qué señalará si gira un ángulo obtuso en sentido de las agujas del reloj?

## LINGUA GALEGA

- Observa a imaxe e relaciona os números coas palabras do exercicio 1.
- Páx. 146 e 147 ex. 2, 3, 4, 5 e 6.

### A primavera

VOCABULARIO



#### 1 Localiza no debuxo as seguintes palabras e agrúpaas no cadro:

despexado	desxeo	froitas
flores	plantas	bolboretas
paxaros	abellas	arco da vella

Tempo	Paisaxe	Animais

#### 2 Utiliza as palabras anteriores para saber que ocorre na primavera:

- Coa calor, comeza o ... da neve nas montañas.
- O ceo está ..., pero cando chove sae o ...
- Aparecen os gromos das ... que van saíndo.
- O campo cóbrese de ... e nacen as ... nas árbores.
- Os ... constrúen os seus niños e pían alegres.
- As ... revoan de flor en flor para alimentarse.
- As ... saen das colmeas para buscar pole.



#### 3 Copia o debuxo e coloca os nomes destas partes da flor:

corola cáiz estames talo folla raíz



coello



coelliño



árbore



arboriña

Fíxate: se á palabra *coello* lle engadimos *-iño*, temos o nome dun coello pequeno. O mesmo sucede con *árbore*. *Coelliño* e *arboriña* son **diminutivos**.

Coas terminacións *-iño/-iña* formamos diminutivos, palabras que indican menor tamaño.

Ás veces, usamos os **diminutivos** para expresar cariño: *neniña*.

#### 4 Forma diminutivos engadindo *-iño* ou *-iña*:

folla	nena	rapaz	raíz
fonte	bicho	herba	paxaro

#### 5 Escribe as palabras a partir das cales se formaron estes diminutivos:

caixiña	biquiño	avoíño	amiguiña
velliña	bolsiña	nariciño	libriño

#### 6 Subliña as palabras rematadas en *-iño/-iña* que expresan cariño:

Ven aquí, filliña, e dame un biquiño.

A velliña levaba unha cadeliña branca metida nunha caixa.

### USO O DICCIONARIO

#### 1 Os diminutivos non aparecen no dicionario. Quítalles a terminación aos seguintes e escribe a palabra que terías que buscar. Escribe o seu significado:

anaquiño	irmanciño	pauciño	regueiriño
pinguiña	vermiño	peño	rapaciña



## CIENCIAS DA NATUREZA

- Ler o texto. Reflexiona o “Traballa coa imaxe”
- Facer as actividades 1 e 2

### Os animais terrestres

Os animais terrestres viven e desprázanse sobre terra firme e respiran o osíxeno do aire, a maioría mediante pulmóns.



Os animais arborícolas viven case sempre nas árbores e desprázanse polas súas pólas.

As aves, os morcegos e moitos insectos desprázanse voando mediante ás.

Moitos animais camiñan, corren ou saltan con patas.

Moitos animais pequenos viven en galerías debaixo da terra.

As serpes carecen de patas e desprázanse moi axilmente arrastrándose.

Os animais terrestres necesitan auga para beber.

#### TRABALLA COA IMAXE

- A que grupos pertencen os animais do debuxo?
- De que maneira se desprazan?

Os animais terrestres respiran o osíxeno do aire e viven sobre a terra firme. A maioría desprázanse camiñando, pero hainos que saltan, voan, que se arrastran...

#### SABER MÁIS

##### Guías de animais

Tanto na terra coma na auga, existe unha gran variedade de animais. Para poder identificalos empréganse libros especializados chamados guías.

As guías poden ser específicas para un grupo de animais concreto, por exemplo, aves ou mamíferos; tamén poden ser exclusivas dunha rexión, por exemplo, a fauna do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Nelas agrúpanse os animais segundo as súas características: tamaño, forma, cor, etc. Estas características son as que se poden observar no campo, polo que permiten unha identificación rápida e fácil.

A maioría das guías proporcionan a seguinte información:

- Nome polo que se coñece o animal.
- Grupo ao que pertence.
- Descrición das características físicas e dos seus costumes.
- Debuxos e fotografías que faciliten a súa identificación.

As guías de animais poden encontrarse tanto en forma de libros coma en forma de aplicacións dixitais.



#### ACTIVIDADES

- 1 **USA AS TIC.** Onde vive e como se despraza o preguiza?
- 2 **Contesta as seguintes preguntas:**
  - É imprescindible que os animais terrestres posúan extremidades? Pon exemplos.
  - Ademais das aves, que outros animais poden voar?
  - Que é un animal arborícola?

